



«TITULAR»  
«ENDEREZO»  
«CÓDIGO» «CONCELLO»  
(«PROVINCIA»)

**ASUNTO: AUTORIZACIÓN DE ATRAQUE NAS INSTALACIÓNS NÁUTICO DEPORTIVAS DO PORTO DE VILANOVA DE AROUSA.**

**EMBARCACIÓN DEPORTIVA**

EMBARCACIÓN:	«EMBARCACIÓN»
FOLIO:	«FOLIO»
ESLORA MÁXIMA OU TOTAL:	«ESLORA» mts.
MANGA:	«MANGA» mts.
PERÍODO DE ATRAQUE:	Dende o día <b>01-01-2005</b> Ata o <b>31-12-2005</b>
LUGAR DESTINADO:	Amarre nº «Praza_ <b>CONCEDIDA</b> »

Vista a solicitude subscrita polo interesado para atracar nun pantalán das instalacións náutico deportivas do porto de VILANOVA DE AROUSA a embarcación "«NOME DA EMBARCACIÓN»".

Estes Servizos Centrais, ó abeiro da Resolución da Presidencia de Portos de Galicia da Resolución da Presidencia de Portos de Galicia do \_\_\_\_\_ abrindo prazo de convocatoria e autorizando que se proceda a conceder a presente autorización de atraque de acordo cos criterios, e baixo cumprimento dos requisitos nela previstos, acorda : AUTORIZAR o atraque da embarcación mencionada, no lugar e prazo indicados no "asunto". Esta autorización concédese segundo o disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e nas condicións particulares que se indican a continuación.

**CONDICIÓNS**

1. Outórgase polo período comprendido entre o día **01-01-2005** ata o **31-12-2005**.
2. Finalizado o prazo sinalado na condición anterior a autorización quedará extinguida, sendo necesario, para poder continuar no atraque, a tramitación dunha nova autorización polo período seguinte. Para elo, Portos de Galicia tramitará a mesma, agás que o titular manifieste por escrito antes do 30 de novembro do ano en curso que non desexa unha nova autorización; e sen prexuízo do requirimento de documentación ó titular que precise. Nembargante, en caso de que o titular adquirise unha nova embarcación de medidas que non excedan a da praza de atraque que ten adxudicada, deberá comunicalo por escrito a Portos de Galicia, xunto ca documentación oficial da nova embarcación, para que este Ente Público tramite a autorización de atraque axustada a esta. Se o titular adquirise unha nova embarcación de medidas que excedan as da praza de atraque que ten adxudicada, deberá comunicalo por escrito a Portos de Galicia, xunto ca documentación oficial da nova embarcación, para que este Ente Público tramite, se é posible, unha autorización de atraque para dita embarcación nunha praza axeitada ás medidas da mesma. No caso de que o titular da mesma, utilizara unha embarcación distinta da autorizada previamente para ser atracada na praza de atraque e non o comunicara a Portos de Galicia ou incumpriera nalgún caso o presente título, Portos de Galicia anulará de inmediato dita nova autorización, tendo o titular dereito, unicamente, á devolución das cantidades ingresadas por adiantado en concepto de Tarifa X-5 e sen dereito a indemnización algunha.
3. En caso de que se produza unha Resolución administrativa ou se promulgue algunha disposición legal que orixine un cambio de condicións desta autorización de atraque, procederase de inmediato a adopta-las novas condicións, podendo o interesado, neste caso, renunciar á praza autorizada, sen dereito a indemnización algunha, procedendo unicamente, de se-lo caso, á devolución das contías polas tarifas portuarias aboadas por adiantado.
4. A autorización é persoal e intransferible e outórgase para o atraque da embarcación para a que foi solicitada a praza, polo que o cambio de embarcación supón a tramitación dunha nova autorización.
5. A presente autorización refírese exclusivamente ó atraque da embarcación na praza asignada, prohibíndose especialmente o depósito de materiais de calquera tipo na superficie do pantalán, sendo isto motivo de anulación da autorización de atraque.
6. O titular non poderá realizar ningunha modificación nas instalacións onde ten a autorización de atraque, nin instalar dispositivos ou elementos nas mesmas, sen contar ca previa autorización expresa de Portos de Galicia. O incumprimento desta condición implicará a anulación inmediata da presente autorización de atraque.



7. O titular adoptará as máximas medidas de seguridade para evitar calquera tipo de polución ou contaminación tanto na zona portuaria coma nos seus arredores, quedando expresamente prohibido o vertido de residuos ó mar, debendo cumprir en cada momento as disposicións legais vixentes nestas materias.
8. O titular queda obrigado a conservar as instalacións onde dispón da autorización de atraque en perfecto estado de utilización, limpeza, hixiene e ornato.
9. Os propietarios ou usuarios das embarcacións serán os responsables dos danos ou avarías que se ocasionen nas instalacións portuarias, elementos de fornecemento, na súa propia embarcación ou de terceiros, coma consecuencia de usos indebidos das instalacións, anomalías nas embarcacións ou malas manobras destas.
10. En caso de que se detecte a falsidade dalgún dos datos da embarcación que o interesado facilitara a Portos de Galicia para a solicitude da autorización de atraque, especialmente no que se refire a medidas da embarcación e potencia do motor, procederase á inmediata anulación da presente autorización de atraque, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador.
11. Portos de Galicia resérvase o dereito a acceder ás embarcacións para proceder á súa medición no caso en que sospeite da veracidade dos datos aportados referentes ás medidas da embarcación, potencia do motor, etc.  
O incumprimento desta condición implicará a anulación inmediata da presente autorización de atraque.
12. Os datos de carácter persoal obtidos con motivo deste procedemento administrativo van ser incorporados e tratados nun ficheiro de datos debidamente autorizado, para o exercicio das funcións que como Administración Pública legalmente lle corresponden a este Ente Público Portos de Galicia – Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias. O devandito organismo é a entidade responsable do ficheiro e o seu domicilio é Portal 5A 6ºB, Praza de Europa, Área Central – Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela  
Fóra dos supostos anteriores, e sen prexuízo do procedemento de disociación previa dos seus datos persoais, a cesión destes datos farase de acordo coa Lei Orgánica de Protección de Datos, cos fins relacionados coa xestión e explotación portuaria, para o cal entendemos prestado o seu consentimento, se no prazo dun (1) mes non nos comunica o contrario ao enderezo arriba indicado.  
O acceso aos ficheiros por terceiros realizarase para a prestación de servizos de tratamento e técnicos ao responsable dos mesmos.  
O exercicio ante o Responsable do ficheiro, dos seus dereitos de acceso, rectificación e cancelación realizarase nos termos establecidos legalmente considerando as peculiaridades que se derivan do carácter público dos ficheiros deste organismo.
13. Se por necesidades do servizo fora preciso deixar libre a zona ocupada, o ocupante deberá desatracala a embarcación no prazo que se lle indique na resolución de desaloxamento. Transcorrido dito prazo sen realiza-la operación de desatraque será de aplicación a regra 10ª da tarifa X-5.
14. O atraso en cumprir calquera orde das autoridades competentes, relativa a atraques, desatraques, amarres ou saída do porto, dará lugar á aplicación da regra 10ª da tarifa X-5 que dispón que a tarifa a aplicar será o resultado de multiplicar a cantidade mensual que lle correspondería pagar á embarcación polo número de horas ou fracción de demora.
15. O incumprimento dunha orde de desatraque, cambio de praza ou calquera outra indicación dictada por Portos de Galicia suporá ademais do disposto nos puntos 13 e 14 a anulación inmediata da presente autorización de atraque.
16. O titular poderá solicitar a Portos de Galicia ata dúas tarxetas de acceso a parte da que lle subministrará este Ente Público, si ben deberá aboar a Portos de Galicia o custo das mesmas na forma en que este determine.
17. Se existise fornecemento de auga ou electricidade a través de tomas, o titular deberá aboar a Tarifa portuaria vixente en cada momento de aplicación a fornecemento. Na actualidade é a tarifa E-3, que se liquidará trimestralmente, a non ser que ditos fornecementos se atopen incluídos na tarifa de conservación e mantemento á que se refire a condición 20ª.
18. O titular deberá aboar a tarifa portuaria vixente en cada momento de aplicación ás embarcacións deportivas e de recreo. Na actualidade, segundo aplicación das regras 6ª e 8ª da tarifa X-5 da Lei 6/2003, e con tódolos descontos aplicables en cada caso, a tarifa aplicable será de **0,087041 euros/m<sup>2</sup> e día**, en tempada alta e **0,065281 euros/m<sup>2</sup> e día**, en tempada baixa (dende o 1 de novembro ó 30 de abril) (**I.V.E. non engadido**). Esta tarifa liquidarase por semestres adiantados. O importe da tarifa será independente das entradas, saídas ou días de ausencia da embarcación, sempre que mantéña asignado o posto de atraque.



19. O titular deberá domicilia-lo abono das liquidacións que se facturen polo concepto de tarifas portuarias nunha entidade bancaria.
20. En caso de que exista unha entidade concesionaria da xestión ou explotación das instalacións o titular deberá aboar a esta, as tarifas de conservación e mantemento aprobadas por este Ente Público, e que en ningún caso excederán dos **16 €/m<sup>2</sup>/ano** para embarcións con eslora menor de 12 metros; e **18 €/m<sup>2</sup>/ano** para o resto das embarcacións, correspondendo os m<sup>2</sup> á superficie nominal da praza teórica que ocuparía cada embarcación segundo a distribución que se inclúe no cadro seguinte:

TAMAÑO PRAZA	SUP (M2)	PRAZA	ESLORA MÁXIMA	MANGA MÁXIMA
6x3,1	18,60		6,00	2,5
7X3,43	24,01		7,00	2,7
8X3,75	30,00		8,00	3,0
9X4	36,00		9,00	3,2
10X4,25	42,50		10,00	3,5
11X4,73	52,03		11,00	3,9
12X5,2	62,40		12,00	4,2
13x5,38	69,94		13,00	4,3
14X5,55	77,70		14,00	4,4
15X 5,83	87,45		15,00	4,6
16X6,1	97,60		16,00	4,9

Santiago de Compostela,

**A ENXEÑEIRA DA ÁREA DE EXPLOTACIÓN E PLANIFICACIÓN**

**Asdo.: Lorena Solana Barjacoba**